

Por que se nos resiste a aplicación das novas tecnoloxías na aula?

Alicia Eizaguirre Santillán

Escola Oficial de Idiomas da Coruña

alicia.eizaguirre@edu.xunta.es

Veño de ler un artigo dun escritor español de sona, no que deixa ver o seu rexeitamento ao remuíño do mundo internauta. En ocasións, o ámbito educativo participa desta mesma crenza. A case ninguén lle gustan os cambios, preferimos o coñecido porque nos movemos mellor coas formas de traballo habituais. Con todo, temos que ser conscientes de que as novas tecnoloxías poden facilitar o ensino e a aprendizaxe, e tamén beneficiar a relación profesor-alumno. Queda moito camiño por percorrer á hora de incorporalas na educación, mais xa non hai volta atrás, as TIC chegaron para quedar e vano facer por moito tempo. Entón, por que xorden tantas dificultades cando se quere poñer a andar un proxecto relacionado coas TIC? Por que a ilusión inicial desaparece cando se intenta e o esforzo non se ve recompensado? Cales son as trabas que desalentan a súa utilización na aula? O uso das novas tecnoloxías é imprescindible na actualidade e, como profesora de Francés, collo o exemplo do ensino dun idioma para analizar algunhas das razóns polas que se nos resisten.

En primeiro lugar, hai un problema de tempo. Cando se navega pola rede, resulta abafador descubrir a cantidade de recursos dispoñibles. Basta con teclear o idioma para atopar miles de enlaces nos que perdernos horas e mais horas. Aquí suscítase o primeiro atranco: a ne-

cesidade de filtrar a información porque, se queremos aproveitar ao máximo os nosos descubrimentos, non chega con botar unha ollada ás páxinas e dicirlles aos alumnos que traballen nelas. Haberá que realizar as actividades, seleccionar aquelas que se adapten ao currículo, revisar as solucións e comprobar o funcionamento correcto dos xogos; unha investigación que, case sempre, debe levarse a cabo fóra da aula e que esixe un investimento temporal por parte do profesor.

Por outra banda, está a necesaria dispoñibilidade dos espazos nos centros. Cando hai unha aula de informática, cómpre facer un repartimento das horas para que todos os departamentos que o desexen a poidan empregar. E, se resulta imposible atopar un oco, debería-se dispoñer dun deses útiles “carriños” que conteñen un portátil, un canón e uns altosfalantes que permitan traballar na clase. Cando o número de usuarios é elevado, cadaquén deberá comprometerse a cumprir unhas normas mínimas que impidan un mal uso dos recursos e eviten algúns problemas habituais (os cascós estrárganse, as bólas dos ratos desaparecen, os cables enléanse...).

As TIC son unha aposta segura que debemos aproveitar para atraer o alumnado cara á nosa materia

O uso destas ferramentas na aula esixe estar á espreita. Os alumnos non dubidarán en cambiar o caderno polo teclado, sobre todo cando a tarefa estea relacionada con Internet. Pero o seu interese en sentar fronte á pantalla, entrar no Messenger, consultar youtube ou visitar un fotolog pode impedir que traballe correctamente a materia nas páxinas propostas polo profesor. De feito, este vese obrigado a facer un va-

rrido dos ordenadores e a percorrer a aula para controlar a apertura de fiestras adicionais. A colocación das mesas en forma de U, fronte a unha disposición tradicional en filas, que supón zigzaguear entre os alumnos, semella unha opción aceptable.

Tampouco hai que esquecer que o uso das TIC na aula pide un ensino personalizado, posto que o ritmo de traballo de cada alumno é moi distinto. Estas diferenzas requiren que o profesor atenda a moitas fronteas á vez, cunha rapidez e unha velocidade máis grandes que de costume. Algo tan sinxelo como unha “folla de ruta” permitirá que o alumnado vaia avanzando segundo o que necesite. É certo que a miúdo se despistan, pero as novas tecnoloxías resúltanlles o suficientemente atractivas como para se esforzar, se comportar correctamente e dedicar tempo a aprender.

A pesar de todo o exposto, as TIC son unha aposta segura que debemos aproveitar porque o interese dos adolescentes pola música e a imaxe pode atraelos cara á nosa materia. Na rede atopamos moitos debuxos animados e, aínda que estean noutra lingua, os alumnos son quen de ver un capítulo e efectuar a actividade correspondente. Eles poden propoñer unha canción e ata traela nun pen drive. Mesmo podemos pedirles que a busquen en vídeo para debater sobre o seu contido, sobre todo se garda relación coa transversalidade. Non convén esquecer o blog como ferramenta de grande utilidade didáctica. Por medio del créase outro tipo de comunicación co alumnado, foméntase a súa participación con comentarios e permite preparar actividades complementarias.

No proceso de incorporación das TIC, a formación do profesorado é unha peza clave. Cómpre marcar un espazo na nosa apertada axenda e desenterrar apuntamentos dalgún que outro curso para poñer en práctica os coñecementos teóricos adquiridos, dado que sen interese e sen ganas, non se pode producir a mudanza.